Federación Galega de Natación
Avenida de Glasgow, 13
CP 15008 – A Coruña
www.fegan.org - info@fegan.org

PROXECTO COPA GALEGA DE NATACIÓN BENXAMÍN

Tempada 2017/18. Circular 17-18.

1.- Organización, datas e sedes

1.1.- Na Copa Galega Benxamín poderán participar todos os clubes clasificados da Liga Galega Benxamín, distribuídos en tres grupos: un grupo cos 8 primeiros clubes clasificados, outro cos 8 clubes que ocupen os postos 9 a 16, e un terceiro cos clubes dos postos 17 ao último da clasificación, sempre que participen un mínimo de 4 clubes. En caso de que un clube rexeite participar, ese dereito pasará ao seguinte clube por orde de clasificación.

1.2.- A Copa Galega Benxamín celebrarase na data establecida no calendario de natación para a presente tempada.

1.3.- Para a designación das sedes, terán preferencia os equipos clasificados en primeiro lugar na Liga Galega Benxamín en cada grupo (1º a 8º, 9º a 16º e 17º ao último), sempre que a instalación escollida cumpra un mínimo de condicións.

1.4.- As probas realizaranse nunha soa sesión, que dará comezo ás 17:00 h.

2.- Programa de probas

1.- 4X50 libre masculino	6.- 50 libre masculino 07	11.- 100 estilos masculino 07
2.- 4X50 libre feminino	7.- 50 libre feminino 07	12.- 100 estilos feminino 07
3.- 200 libre masculino 05	8.- 200 estilos masculino 05	13.- 4X50 estilos masculino
4.- 200 libre feminino 06	9.- 200 estilos feminino 06	14.- 4X50 estilos feminino
5.- 50 libre masculino 06	10.- 100 estilos masculino 06	

3.- Participación

3.1.- A presente normativa está destinada ás categorías:

- Masculina: nacidos en 2006, 2007 e 2008.
- Feminina: nacidas en 2007 e 2008.

3.2.- A participación está aberta a todos os nadadores das categorías sinaladas e que pertenzan aos clubes con dereito a participación.

3.3.- Cada nadador poderá participar como máximo nunha proba individual e dúas remudas.

3.4.- Cada clube poderá inscribir 3 nadadores por proba.

3.5.- Cada clube poderá inscribir 2 equipos de remudas.

3.6.- Aceptaranse substitucións de nadadores até 45 minutos antes do inicio da sesión, previa solicitude de baixa dun nadador do mesmo clube inscrito na proba.

3.7.- O nadador substituído non poderá participar en ningunha proba individual ou de remudas en dita sesión.

3.8.- Os clubes con dereito a participación deberán confirmala no prazo que se indique oportunamente. No caso de que algún non participase, o seu posto podería ser cuberto polo seguinte clasificado na Liga Galega Benxamín.

4.- Inscricións

4.1.- Realizaranse a través do SDP e a acta de preinscrición que o propio programa xera en formato PDF será remitida á Federación por correo electrónico (inscricions@fegan.org). Xunto co devandito arquivo remitirase, no mesmo correo, o comprobante do pago da inscrición.

4.2.- As inscricións para o campionato deberán acharse en poder da FEGAN 9 días antes do comezo da competición, cadrando este día a xoves, sendo responsabilidade do clube que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida pola FEGAN.

4.3.- Deberán inscribirse tamén os nadadores que participen só en remudas e para substitucións, remitindo o impreso correspondente xunto coa citada acta de preinscrición.

5.- Fórmula de competición

5.1.- Disputaranse todas as probas contra o reloxo.

5.2.- Puntuarán os 16 primeiros clasificados de cada proba individual e en cada proba de remudas.

5.3.- A puntuación nas probas individuais será: 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.

5.4.- A puntuación nas probas de remudas será: 38, 32, 28, 26, 24, 22, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.

6.- Clasificación

6.1.- Faranse as seguintes clasificacións:

a) Clasificación masculina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas masculinas.

b) Clasificación feminina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas femininas.

c) Clasificación total. Total puntos da suma da clasificación masculina, feminina e máis os puntos das probas mixtas (se existir).

7.- Títulos e premios

7.1.- Entregarase un trofeo ao clube que acadase a maior puntuación, atendendo o punto c) do artigo 6.1 do presente regulamento, sendo proclamado Campión Galego da Copa Galega de Natación Benxamín.

7.2.- Entregaranse medallas a todos os compoñentes dos tres primeiros equipos clasificados.

A Coruña,

Secretaría Xeral FEGAN